




Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 10517106V5	
Código de verificación  3J1E 6L4Z 3U15 5317 158B	Expediente 105/2023/1250	
	Fecha 27-02-2023	

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS MUNICIPAIS PARA O PAGAMENTO DE COMEDORES ESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2023/2024

1.- OBXECTO

1.1.- De conformidade coas competencias que atribúe aos concellos a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, é obxecto desta convocatoria regular a concesión de axudas económicas para o pago do servizo de comedor escolar ao alumnado empadroadado no Concello da Coruña que acuda de maneira presencial ao comedor.

1.2.- Esta convocatoria comprenderá o período lectivo do curso escolar 2023/2024, así como os períodos non lectivos de Nadal 2023 e verán do 2024.

1.3.- Para o desfrute das bolsas de comedor escolar será necesario en todo caso que a persoa beneficiaria teña asignada unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal.

1.4.- Esta bolsa é incompatible con calquera outra axuda de institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade salvo coa concedida polo Ministerio de Educación para os menores con necesidades educativas especiais.

2.- RÉXIME XURÍDICO DAS BOLSAS COMEDOR.

2.1.- A convocatoria rexerese pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada o 11 de abril de 2005 (BOP núm. 40) e no que sexa de aplicación, pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e pola normativa regulamentaria que desenvolven estas normas. Resultará tamén de aplicación a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

2.2.- A convocatoria estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gi>) así como na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>). Ademais, un extracto da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da Coruña (<https://bop.dicoruna.es/bopportal/>).



3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO DO PROGRAMA

3.1.- O crédito total destinado a esta convocatoria é de 2.050.000,00 €. Deste importe, 550.000,00 € impútanse ao exercicio do 2023 e 1.500.000,00 €, correspondentes aos meses de decembro do 2023 e seguintes, imputaranse ao orzamento municipal do 2024.

A concesión efectiva da bolsa de comedor para os meses de decembro 2023 e seguintes quedará condicionada a que exista crédito suficiente no orzamento municipal do 2024.

En todo caso, este gasto imputarase á aplicación 51.231.22723 do orzamento en vigor da anualidade que corresponda.

3.2.- De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento Xeral de Subvencións, no caso de que este crédito incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou unha maior asignación para esta finalidade, a contía adicional poderá aplicarse á concesión de bolsas sen necesidade dunha nova convocatoria.

4. LIMITE INDIVIDUAL DA SUBVENCIÓN

4.1.- A contía da bolsa cubrirá a totalidade do custo do servizo do comedor nos centros públicos de segundo ciclo de educación infantil e primaria (CEIP), nos institutos de ensino secundario (IES) e de formación profesional ou nos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos (CEE).

No caso dos centros privados e/o concertados, a contía da axuda de comedor será de 80€/mes como norma xeral. Este importe poderá incrementarse ata 98 €/mes nos seguintes casos:

- A proposta do persoal técnico dos servizos sociais municipais mediante informe que así o xustifique.
- No caso de persoas beneficiarias tuteladas por unha institución pública, que se achen en réxime de acollemento familiar ou menores que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida.

4.2.- En todo caso, será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

4.3.- A axuda concedida non cubrirá ningún gasto complementario ao servizo de comedor como o seguro, cotas de alta nas ANPAS ou outros conceptos que se facturen polas empresas prestadoras do servizo ou entidades xestoras que non se correspondan estritamente coa prestación do servizo de comedor.



5.- PERSOAS BENEFICIARIAS

5.1.- Poderá ser beneficiario desta convocatoria o alumnado dos centros escolares nos que se imparta segundo ciclo de educación infantil, primaria, ensino secundario obrigatorio, bacharelato e formación profesional, así como dos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos públicos, sempre que estean localizados no termo municipal da Coruña e estean autorizados pola Consellería competente para a prestación do servizo de comedor escolar.

5.2.- Así mesmo, a persoa beneficiaria da axuda deberá ter asignada unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo de maneira presencial nun centro escolar do termo municipal na modalidade de asistencia continuada de luns a venres.

6.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS BENEFICIARIAS

6.1.- A persoa beneficiaria deberá dispoñer de DNI, NIE ou número de identificación fiscal válido antes da aprobación da listaxe provisional de concesión ou denegación das axudas solicitadas.

6.2.- O alumnado solicitante deberá ademais reunir os seguintes requisitos, para ter a condición de persoa beneficiaria, na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes, e que se deberá manter durante toda a actividade subvencionada:

- a) Empadroamento no Concello da Coruña.
- b) Matrícula ou solicitude de matrícula dentro do prazo establecido pola Consellería competente, nun centro educativo do termo municipal da Coruña que conte con servizo de comedor autorizado.
- c) Non superar os 8.000 euros anuais de ingresos per cápita no exercicio económico 2021, salvo no caso de unidades familiares nas que exista unha persoa perceptora de Renda social municipal (RSM), Ingreso mínimo vital (IMV) ou Renda de inclusión social de Galicia (RISGA).
Non se esixirá este requisito no caso de menores en réxime de acollemento familiar, que estean tutelados por unha institución pública ou familiar ou que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida.
- d) Atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- e) Non ter condena mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de fondos públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.
- f) Non ter resolto de maneira culpable ningún contrato realizado coa administración.
- g) Non incorrer en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei Xeral de Subvencións).
- h) Non ter en trámite ningún expediente de reintegro de subvencións.
- i) Non ter sanción mediante resolución firme que implique a perda da posibilidade de obter subvencións.
- j) Calquera outro establecido na normativa sectorial de aplicación.



7.- OBLIGACIÓNS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DA BOLSA COMEDOR

7.1.- As persoas beneficiarias da axuda para o pago do comedor escolar deberán realizar as xestións oportunas para facer efectiva o alta no comedor escolar co provedor ou entidade xestora do servizo na modalidade presencial e con asistencia continuada de luns a venres.

7.2.- Ademais, tras a concesión da axuda para o pago do comedor escolar, as persoas beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Asistir ao comedor durante o período lectivo completo desde a data da concesión da axuda e durante todo o período subvencionado. Con todo, a asistencia nos meses de setembro e xuño terá carácter voluntario.
- b) No caso do alumnado de centros de educación especial con autorización de escolarización combinada, deberá asistir ao comedor escolar de conformidade coa resolución da autoridade educativa, permitíndose excepcionalmente réximes de adaptación.
- c) Cumprir coa normativa específica reguladora de cada comedor.
- d) Abonar a diferenza existente entre a axuda concedida e o prezo do servizo de comedor escolar fixado pola entidade xestora.
- e) Comunicar por escrito presentado no rexistro municipal calquera incidencia relacionada coa xestión desta axuda (cambio de domicilio, cambio de centro escolar, entre outros) e que poida ter efectos na concesión.
- f) Comunicar a renuncia á bolsa mediante escrito presentado no rexistro municipal.
- g) Solicitar por escrito presentado no rexistro municipal a suspensión temporal do servizo por motivos médicos ou outras circunstancias debidamente acreditadas.
- h) Comunicar a falta de asistencia ao comedor escolar que poida provocar a baixa definitiva no servizo ou do desfrute da axuda.
- i) No caso de ser persoa beneficiaria da axuda en período non lectivo deberá cumprir cos compromisos específicos asociados a esta modalidade.
- j) Comunicar aos servizos municipais a obtención de calquera outra axuda para a mesma finalidade, xa proceda de calquera administración, ente público nacional ou internacional, ou de entidades privadas, que resulten incompatibles coa bolsa de comedor municipal.
- k) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os órganos de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.
- l) Calquera outra establecida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na normativa regulamentaria de desenvolvemento.

8.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1.- A solicitude deberá presentarse no impreso municipal específico deseñado para esta convocatoria 2023/2024 (modelo 088) acompañada da documentación que se sinala no apartado 10 e 11 desta convocatoria. Deberá estar asinada pola persoa solicitante da axuda (alumno/a) ou, no caso de ser menor de idade, polo seu representante legal.

Os rexistros municipais facilitarán copias desta solicitude, que tamén estará dispoñible na sede electrónica municipal.



8.2.- A solicitude específica, os anexos e o resto de documentación poderá presentarse, previa cita, nos rexistros municipais (María Pita, Fórum Metropolitano, Ágora, Franxa e Centro cívico de Mesoiro) así como no rexistro telemático da sede electrónica municipal (<https://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/registro-electronico>), así como en calquera outro dos previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.3.- O prazo para presentar as solicitudes será do 13 de marzo ao 12 de abril de 2023.

8.4.- Todas as listaxes obxecto de publicación identificarán a solicitude do alumnado atendendo ao código do seu expediente individual.

Para facilitar a identificación do expediente de cada persoa solicitante, co requirimento de corrección de solicitudes, publicarase unha listaxe que identificará a totalidade das solicitudes presentadas no rexistro segundo o seu código de asento, xunto co número de expediente individual asignado.

9. CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

9.1.- Na valoración das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo polo mesmo a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas: a persoa solicitante, os seus irmáns/as menores de idade que convivan no mesmo domicilio e as persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela.

Nos casos nos que as persoas proxenitoras acrediten a situación de violencia de xénero por calquera dos medios do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, mediante un documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, non computará como membro da unidade familiar, a persoa proxenitora agresora.

9.2.- A concesión/denegación da bolsa virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques:

- A. Situación económica da unidade familiar nuclear.
- B. Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
- C. Situación socio-familiar.
- D. Situación de discapacidade da persoa solicitante ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

9.3 .- Situación económica da unidade familiar nuclear.

9.3.1.- No caso de que algún dos membros da unidade familiar nuclear sexa beneficiario da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), da Renda Social Municipal (RSM) ou do Ingreso Mínimo Vital (IMV) no mes de febreiro de 2023, outorgaráselle 11 puntos de maneira automática neste apartado. Para iso, deberá sinalar tal circunstancia no anexo I e poderá:



- autorizar a consulta sobre a percepción de RSM coa súa firma, salvo oposición expresa e motivada presentada de conformidade co Anexo II, nese caso, deberá presentar a documentación xustificativa.

- autorizar expresamente, marcando a casa "SI" e coa súa firma, a percepción de RISGA e IMV. En caso de non manifestar expresamente a vontade de consulta na casa correspondente deberá chegarse o documento xustificativo.

Tamén se outorgarán 11 puntos ás persoas solicitantes que, no momento de presentar a solicitude, se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Menores tutelados por unha institución pública.
- Menores que se atopen en situación de acollemento familiar.
- Menores que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida.

9.3.2.- No resto dos casos procederase a calcular a renda per cápita da unidade familiar nuclear (RPC), que se obterá como resultado de dividir a suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela, entre o número de membros da devandita unidade.

Ademais teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) no caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa exercida e atribuída a ambas persoas proxenitoras, serán obxecto de valoración os seus ingresos computándose as dúas como membros da unidade familiar nuclear.
- b) no caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa exercida ou estea atribuída en exclusiva a unha única persoa proxenitora, serán obxecto de valoración os seus ingresos, xunto coas medidas paterno-filiais aprobadas xudicialmente, de ser o caso.
- c) nos casos en que as persoas proxenitoras acrediten a situación de violencia de xénero por calquera dos medios do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, mediante un documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, non se terán en conta os ingresos da persoa agresora para determinar a renda per cápita da unidade familiar.
- d) En casos distintos dos anteriores, computaranse os ingresos de ambos proxenitores salvo si se presentou pola persoa proxenitora que figura como representante legal do menor na solicitude desta axuda, copia completa da demanda para o establecemento de medidas paterno-filiais na que conste que se está solicitando o exercicio da garda e custodia por parte da persoa que figura como representante do menor na solicitude de axuda. A documentación deberá acompañarse da xustificación da presentación da dita demanda perante o xulgado.

9.3.3.- Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar nuclear atenderase a:

- a) A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2021 (Modelo D-100 do IRPF)



Poderase autorizar no anexo I, coa firma e de maneira expresa (sinalar a casa "SI"), a consulta dos datos fiscais da Renda que dispón a AEAT para o exercicio 2021. En caso de non manifestar expresamente a vontade de consulta na casa correspondente deberá presentarse o documento xustificativo (modelo D-100 do IRPF do devandito exercicio).

Con carácter xeral sumaranse a base impoñible xeneral e a base impoñible do aforro do exercicio 2021 (casas 435 e 460 da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2021).

No caso de que a declaración do ano 2021 fose presentada na modalidade conxunta para ambos proxenitores, pero da configuración actual da unidade familiar nuclear resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse as bases anteriores ao 50%.

- b) No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, consultarase o certificado de imputación de rendas do ano 2021. Para estes efectos, sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais suxeitas a retención, ao que se restarán os gastos deducibles do traballo no devandito período.
- c) As pensións de alimentos actuais establecidas nas sentenzas de separación ou convenios reguladores instados ou aprobados xudicialmente en relación co/coa menor solicitante. As ditas pensións non computarán en caso de falta de pagamento sempre que se solicitaase a execución do título xudicial.

Se a pensión de alimentos actual recoñeceuse antes do ano 2022, multiplicarase a pensión establecida na sentenza ou convenio regulador por doce mensualidades. Se a pensión de alimentos fixouse durante o ano 2022, multiplicarase a cantidade recoñecida polo número de mensualidades que corresponda, desde o mes seguinte ao da sentenza ou convenio, e ata o 31 de decembro dese ano.

Non se computarán as pensións recoñecidas durante o exercicio 2023.

- d) Excepcionalmente, no caso de non sexa posible a obtención de datos sobre ingresos por non constar de alta a persoa no Censo de Contribuíntes da AEAT no exercicio 2021, teranse en conta os ingresos que se deduzan da declaración xurada conforme ao Anexo III, da vida laboral e do resto de documentación achegada de conformidade co previsto no apartado 10.2. desta convocatoria.
- e) No caso de que realizada a consulta previamente autorizada, a Axencia Tributaria non facilite os datos económicos das persoas interesadas por existir incidencias pendentes de resolver coa súa declaración, requirirase á persoa interesada para que achegue unha copia da documentación necesaria que permita comprobar a súa situación económica consonte ó sinalado neste apartado.

Unha vez fixada a RPC aplicarase o seguinte baremo:



RENTA PER CÁPITA (RPC)	PUNTUACIÓN
CIRCUNSTANCIAS DO APARTADO 9.3.1	11 PUNTOS
DESDE 0,00 € ATA 4.000,99 €	11 PUNTOS
DESDE 4.001,00 € ATA 5.000,99 €	10 PUNTOS
DESDE 5.001,00 € ATA 6.000,99 €	9 PUNTOS
DESDE 6.001,00 € ATA 7.000,99 €	8 PUNTOS
DESDE 7.001,00 € ATA 7.999,99 €	7 PUNTOS
8.000,00 € OU MÁIS	0 PUNTOS

9.4.- Incompatibilidade horaria.

INCOMPATIBILIDADE HORARIA	1 PUNTO
---------------------------	---------

9.5.- Situación socio-familiar.

MONOPARENTALIDADE	1 PUNTO
VIOLENCIA DE XÉNERO	1 PUNTO
FAMILIAS NUMEROSAS	1 PUNTO

9.6.- Discapacidade da persoa solicitante e/ou dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

DISCAPACIDADE DA PERSOA SOLICITANTE	1 PUNTO
DISCAPACIDADE DALGUNHA DAS PERSOAS QUE OSTENTEN A CUSTODIA (MÁXIMO 1 PUNTO)	1 PUNTO

9.7.- A puntuación mínima total esixida para a concesión da axuda económica para comedor escolar será de 10 puntos.

9.8.- A valoración das solicitudes presentadas realizarase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta de datos entre administracións. O Concello reserva a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e comprobar a puntuación obtida.

10.- DOCUMENTACION OBRIGATORIA PARA ACREDITAR O CUMPRIMENTO DE REQUISITOS

10.1.- Deberá de achegarse en todas as solicitudes a seguinte documentación con carácter preceptivo:

a) Modelo de solicitude específica para a convocatoria 2023/2024 (modelo 088) cuberto e asinado pola persoa solicitante (alumno/a) ou, no caso de menores de idade, polo seu representante legal.



Coa firma da solicitude, a persoa solicitante acredita o cumprimento dos requisitos que se recollen nos apartados d) a j) do apartado 6.2 desta convocatoria; e conséntese a cesión do dereito de cobranza da subvención á entidade que presta o servizo de comedor no centro escolar.

Ademais, coa firma da solicitude, a persoa solicitante autoriza a consulta que acredita o cumprimento dos seguintes requisitos ou circunstancias, salvo oposición expresa e motivada de conformidade co anexo II:

- Dispoñer de DNI, NIE. En caso que o menor posúa unicamente como documento de identificación un NIF provisional expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, será necesario achegar copia do mesmo por imposibilidade de consulta.
- Empadramento no Concello da Coruña.
- Matrícula, ou solicitude de matrícula dentro do prazo establecido pola Consellería competente, nun centro educativo do termo municipal da Coruña que conte con servizo de comedor autorizado pola Consellería competente.
- Certificado de discapacidade da persoa solicitante.
- Menores que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida.
-

En caso de oposición á consulta, a persoa solicitante deberá presentar xunto coa solicitude, a documentación acreditativa do cumprimento destes requisitos.

b) Libro de Familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que acredite devandito vínculo.

c) Anexo I relativo á unidade familiar nuclear da persoa solicitante.

A persoa solicitante, ou en caso de menor de idade o seu representante legal, indicará a circunstancia na que se atope a unidade familiar coa seguinte documentación:

- A) Custodia atribuída ou exercida por unha persoa proxenitora:
- 1.- Existencia dunha única persoa proxenitora. Neste caso achegárase o libro de familia completo acompañado, no seu caso, do certificado de defunción da outra persoa proxenitora.
 - 2.- Dúas persoas proxenitoras e unha delas ten atribuída en exclusiva a custodia da persoa solicitante. Presentárase unha copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que acredite esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais.
 - 3.- Unha persoa proxenitora que figura como representante legal do menor na solicitude desta axuda, e que presentase demanda para o establecemento de medidas paterno-filiais na que conste que se está solicitando o exercicio da garda e custodia. Achegárase copia completa da demanda e xustificación da presentación da dita demanda perante o xulgado.
 - 4.- Situación de violencia de xénero acreditada por calquera dos medios do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero. Neste caso deberá achegarse un documento en vigor dos sinalados no artigo anterior ou ben expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda (apartado 9.1).



B) Custodia atribuída ou exercida por dúas persoas proxenitoras:

- 1.- Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia compartida por sentenza xudicial. Neste caso presentarase copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente.
- 2.- Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia sen sentenza xudicial. Neste caso so sinalara no anexo dita circunstancia.

O Anexo I deberá cubrirse e asinarse por ambas persoas proxenitoras salvo nos casos nos que se sinalou algunha das circunstancias da unidade familiar do apartado A) relativo ás custodias atribuídas ou exercidas por unha única persoa proxenitora.

As persoas asinantes do Anexo deberán indicar:

1º.- Se concorre algunha das seguintes circunstancias que se deban ter en conta na valoración da solicitude:

- a) Se a persoa asinante é perceptora dalgunha das seguintes prestacións económicas: RISGA, RSM ou IMV.
- b) Se posúe título de familia numerosa.
- c) Se ten certificado de discapacidade.
- d) Se é un autónomo e quere acreditar a súa incompatibilidade horaria na valoración da solicitude (apartado 11.1).

2º.- Os permisos para a consulta dos seus datos:

- a.- Coa firma do anexo, a persoa autorizará a consulta dos datos relativos á percepción de RSM, título de familia numerosa, vida laboral no caso de autónomos e certificado de discapacidade, salvo oposición expresa e motivada presentada de conformidade co Anexo II, no caso de sinalar a concorrencia dalgunha destas circunstancias no propio anexo ou ben na solicitude específica.
- b.- Poderá autorizarse expresamente ao Concello á consulta dos datos relativos á percepción de RISGA e IMV (en caso de marcar a concorrencia dalgunha destas circunstancias) e a consulta de datos relativos ao IRPF do exercicio 2021.

En caso de oposición expresa e motivada á consulta de datos conforme o anexo II ou cando non se manifestou expresamente a vontade de consulta na casa correspondente, a persoa asinante deberá presentar a documentación xustificativa que corresponda.

10.2.- Para os casos en que non sexa posible a obtención de datos económicos para ambos ou algún dos proxenitores (por exemplo no caso de que non conste dado de alta no censo de contribuíntes no exercicio 2021, persoas sen DNI/NIE, ou persoas sen exercicio profesional ou laboral en España desde a súa chegada ao país) será obrigatorio que se presente, xunto co anexo I, unha declaración xurada de conformidade co anexo III que deberá vir asinada polos proxenitores afectados por esta circunstancia. Cada proxenitor fará constar no anexo III, os ingresos que obtivo nos últimos doce meses, así como a procedencia dos devanditos ingresos.

A firma do anexo III permitirá ademais a consulta da vida laboral, salvo oposición expresa e motivada de conformidade co anexo II, debendo achegarse polas persoas solicitantes, no caso de traballar en España, unha copia de:



- As nóminas do últimos seis meses anteriores á data da solicitude, no caso de traballadores por conta allea.
- As declaracións tributarias trimestrais relativas ao período anterior, no caso de traballo por conta propia.

Para a valoración da situación económica da unidade familiar de conformidade co apartado 9.3 teranse en conta os ingresos declarados e os ingresos medios que resulten da documentación sinalada neste apartado cuantificados para 12 meses.

10.3.- Nos casos de educación combinada, deberá achegarse copia da resolución da autoridade educativa que especifique o réxime de asistencia a cada centro docente, así como a documentación que poida facer referencia aos períodos de adaptación aos mesmos.

10.4.- No caso de persoas solicitantes que se atopen en situación de acollemento familiar ou menores tutelados por unha institución pública será necesario presentar copia da resolución administrativa ou xudicial que acredite esta circunstancia.

10.5.- Os documentos presentados nun idioma distinto aos cooficiais na comunidade autónoma, só se terán en conta de achegarse a súa tradución oficial ás devanditas linguas, segundo o artigo 15 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.6.- No caso de que a solicitude non veña acompañada da documentación sinalada nos apartados 10.1, 10.2, 10.3 e 10.4 requirirase aos interesados para que procedan a súa emenda de conformidade co previsto no apartado 12 desta convocatoria.

11.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS A VALORAR DISTINTAS DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR

11.1.- Incompatibilidade horaria.

Para obter a puntuación relativa a este apartado, deberá acreditarse a incompatibilidade horaria polas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia.

Nos casos en que exista un réxime de custodia compartida por sentenza xudicial ou convenio regulador aprobado xudicialmente, deberá acreditar a incompatibilidade a persoa proxenitora que figure como representante legal na solicitude.

Para as persoas que se queiran acoller ás circunstancias sinaladas no punto 9.3.2 c) e d), deberá acreditar a incompatibilidade horaria a persoa que figure como representante legal na solicitude.

Para acreditar a incompatibilidade horaria deberá presentarse a seguinte documentación:

- No caso de traballadores por conta allea, un certificado emitido pola entidade contratante que deberá ter data correspondente á anualidade 2023 e contar coa firma da persoa responsable e/o selo da empresa.
- No caso de traballadores por conta propia, deberá indicarse esta circunstancia no anexo I, debendo optar por autorizar a consulta da vida laboral da persoa afectada ou presentar unha copia do devandito documento con data correspondente á anualidade de 2023.



11.2.- Situación socio-familiar.

- A monoparentalidade acreditarase mediante a presentación do certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou a que se considere competente neste caso.
- A situación de violencia de xénero acreditarase a través de calquera dos medios que permite o art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, cun documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, dos seguintes sinalados pola lei:
 - a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - b) Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei.
 - c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 - e) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social
- A situación de familia numerosa acreditarase autorizando a consulta do título de familia numerosa no anexo I ou presentando unha copia do devandito documento.

11.3.- Discapacidade da persoa solicitante e/o dalgunha das persoas que ostentan a custodia.

A situación de discapacidade do solicitante e/ou da persoa que ostente a custodia acreditarase mediante autorización da consulta do certificado de discapacidade da persoa á que se refire a situación na solicitude ou no anexo I, segundo proceda. En caso de non autorización, deberá presentarse unha copia do devandito certificado.

12.- PROCEDEMENTO. INSTRUCIÓN, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

12.1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o servizo de Servizos Sociais, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación obrigatoria establecida nos apartados 10.1, 10.2, 10.3 e 10.4 desta convocatoria.

12.2.- No caso de que se detecten defectos ou faltas na documentación presentada, requirirase ás persoas solicitantes para que nun prazo máximo de dez (10) días hábiles, que se contarán desde o seguinte ao da publicación do acto no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, para que emenden as faltas detectadas (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>).



A información tamén poderá estar dispoñible na páxina web municipal (www.coruna.gal/servizossociais) e no teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

No caso de que a emenda se refira á acreditación do cumprimento de requisitos do apartado 6 ou á presentación da documentación do apartado 10 da convocatoria, advertirase que en caso de non atender ao requirimento ou non facelo adecuadamente teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En todo caso, as persoas interesadas poderán en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia achegar documentos, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

12.3.- Para a valoración das solicitudes presentadas nomearase un órgano colexiado denominado “mesa de valoración” que aplicará o baremo establecido na presente convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que se elevará ao órgano instrutor.

12.4.- A persoa titular da Xefatura de Servizo de Servizos Sociais ou a persoa que a substitúa como órgano instrutor, á vista do expediente, e do informe da mesa de valoración, formulará a proposta de resolución provisional que debidamente motivada, se publicará no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, e indicará a listaxe de persoas propostas con axuda concedida e denegada, indicando a puntuación outorgada, así como aquelas solicitudes que non foran obxecto de valoración por terse presentado fóra de prazo ou por ter a persoa solicitante desistido da súa solicitude.

A publicación realizada nos lugares indicados no apartado 12.2 da convocatoria iniciará o cómputo dun prazo para que as persoas interesados poidan presentar alegacións e que será de dez (10) días hábiles.

13.- PROCEDEMENTO: ALEGACIÓNS, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

13.1.- As alegacións poderán facer referencia á existencia de erros na puntuación obtida, a proposta de denegación da axuda ou outras circunstancias sen que poida realizarse nesta fase do procedemento a corrección de documentación requirida anteriormente se non se atendeu ao requirimento, nin achegar en fase de alegacións nova documentación que non obrase xa no expediente e poida dar lugar a un cambio da puntuación inicial.

13.2.- Logo de examinar as alegacións presentadas, a mesa de valoración realizará un informe final que se elevará ao órgano instrutor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

Publicada a proposta de resolución definitiva do órgano instrutor nos medios indicados no apartado 12.2, as persoas propostas como beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á bolsa nun prazo de dez (10) días hábiles. Transcorrido este prazo sen producirse a comunicación da aceptación expresa por parte das persoas beneficiarias, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

13.3.- Transcorrido o prazo anterior, a Concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social e Participación, por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada mediante o acordo adoptado o



28 de xuño do 2019 e publicado no BOP da Coruña nº 124 do 3 de xullo do 2019, resolverá a convocatoria. A dita resolución indicará de maneira separada as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

A resolución da Concelleira retrotraerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación do servizo de comedor escolar e será notificada colectivamente mediante publicación oficial nos lugares sinalados no apartado 12.2 desta convocatoria.

13.4.- O prazo máximo para resolver a convocatoria e notificar será de seis meses, que se contarán desde a publicación da convocatoria. O período utilizado para a corrección de deficiencias e achega de documentación interromperá o devandito prazo de conformidade co artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPAC).

O vencemento do devandito prazo máximo sen notificar a resolución, lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

13.5.- A resolución da Concelleira de Igualdade, Benestar Social e Participación que resolva a convocatoria poñerá fin á vía administrativa podendo contra este acordo interpoñer as persoas interesadas:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas). Non se poderá interpoñer recurso xudicial ata o momento en que se resolva expresamente ou ben producise a desestimación presunta do recurso de reposición.
- Poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

14. CONCESIÓN DA BOLSA COMEDOR POR CAUSAS SOBREVIDAS

14.1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes fixado na convocatoria ordinaria, poderá solicitarse por causas sobrevindas a axuda de bolsa comedor cando concorran algún dos seguintes feitos causantes:

- a) Alta no padrón municipal con data posterior ao fin de prazo de solicitude previsto na convocatoria ordinaria.
- b) Que unha vez iniciado o curso escolar 2023/2024, se efectúe un traslado dun centro educativo desde un centro sen servizo de comedor a outro centro con servizo de comedor autorizado, ambos dentro do termo municipal.
- c) Cambio de centro escolar desde outro municipio a un centro escolar do termo municipal.
- d) Inicio da prestación do servizo de comedor escolar nun centro educativo con posterioridade ao peche do prazo de presentación de instancias.



- e) Cando finalizado o período de solicitude ordinario, a unidade familiar nuclear sufra cambios que poidan ter repercusión na valoración da solicitude, respecto da presentada en período ordinario.
- f) Cando solicitada a bolsa comedor en período ordinario, esta fose denegada por non alcanzar a puntuación mínima do apartado 9.3 desta convocatoria e aparezan, tras a publicación da listaxe provisional, novas circunstancias da unidade familiar previstas nos apartados 9.2 letras B) C) e D), que poidan supoñer un cambio na puntuación respecto da obtida na convocatoria ordinaria.

14.2.- En ningún caso se concederá unha bolsa comedor con carácter sobrevido cando as persoas solicitantes perdesen a condición de persoa beneficiaria da axuda para o pago de comedor escolar na convocatoria ordinaria como consecuencia dun procedemento de revogación da axuda, baixas de oficio ou renuncia.

14.3.- As solicitudes de bolsa sobrevivida deberán presentarse no modelo de solicitude xeral dispoñible na sede electrónica municipal ou en calquera das oficinas de atención ao público do Concello da Coruña.

Ademais as mesmas,

- Deberán indicar expresamente o feito causante que motiva a solicitude de bolsa sobrevivida.
- Deberán vir acompañadas coa documentación que se sinala no apartado 10 e 11 desta convocatoria e valoraranse de conformidade cos criterios previstos no apartado 9.
- Deberán vir acompañadas da documentación que acredite o momento en que se produce a circunstancia sobrevivida.

14.4.- O procedemento para a tramitación das bolsas sobrevividas seguirá o previsto nos apartados 12 e 13 para a convocatoria xeral.

14.5.- A concesión de bolsas sobrevividas quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para a devandita concesión. Esta, fornecerá efectos económicos desde a data da resolución do órgano competente.

15.- RENUNCIA, SUSPENSIÓN DO SERVIZO, BAIXA E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS

15.1.- As persoas beneficiarias de bolsa comedor poderán renunciar de maneira expresa á bolsa concedida. Para iso deberán presentar no rexistro municipal a renuncia, que deberá ser comunicada á concellería competente para o seu coñecemento e aceptación.

A aceptación da renuncia, cando se realice de modo posterior á resolución de concesión da axuda polo órgano competente, será notificada individualmente ás persoas interesadas de conformidade co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015.

15.2.- Os servizos municipais propoñerán de oficio a baixa como beneficiario/a da bolsa comedor e a revogación da axuda concedida cando se detecte algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ocultación de información relativa aos requisitos ou alteración das circunstancias determinantes para a concesión da axuda.
- b) Que a entidade xestora do comedor comunique ao Concello que a persoa beneficiaria non realizou os trámites necesarios para incorporarse ao servizo de comedor no prazo habilitado



por cada entidade xestora (matrícula, reserva de praza...) ou que a realizou incumprindo condicións ou requisitos desta convocatoria.

- c) O incumprimento do réxime interno do centro educativo para o servizo de comedor.
- d) A falta de asistencia continua ou intermitente no comedor durante máis de quince días lectivos, salvo as excepcións mencionadas no apartado 15.3 deste apartado en relación coa suspensión. Con esta finalidade, os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios ou por mostraxe para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar.
- e) Incumprimento das obrigas que leva aparellada a condición de beneficiario ou a perda de cumprimento de requisitos obrigatorios previstos nesta convocatoria (empadroamento noutro municipio, cambio a centro escolar fóra do termo municipal, cambio a un centro sen servizo de comedor...). No caso de incumprimento do requisito de empadroamento da persoa solicitante, procederase á baixa de oficio de calquera menor no que se detecte a baixa no Padrón municipal en calquera momento desde a solicitude e ata a finalización do curso escolar, a pesar de que se realizase novamente o alta.

No caso de que conorra algunha das causas anteriores, o órgano competente acordará o inicio do procedemento para a revogación parcial ou total da axuda concedida, segundo proceda, outorgando ás persoas afectadas un prazo de quince (15) días hábiles para a realización de alegacións. Para a apertura deste prazo, realizarase a notificación colectiva no taboleiro de anuncios e edictos municipal conforme o previsto no apartado 12 desta convocatoria.

Finalizado o prazo de alegacións, o órgano instrutor estudará as alegacións presentadas e formulará proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver.

15.3.- O goce da bolsa de comedor escolar poderá suspenderse nos seguintes casos:

- a) No caso de que concorran na persoa beneficiaria motivos médicos ou terapéuticos que impidan acudir ao comedor escolar temporalmente. Neste caso, o persoal municipal poderá valorar, previa comprobación da documentación acreditativa da devandita circunstancia, a suspensión temporal do servizo sen que iso leve aparellada a perda da bolsa.
- b) Cando as persoas beneficiarias de bolsa realizen en prazo coa empresa xestora do comedor os trámites para a incorporación ao mesmo pero esta non resulte posible por non existir prazas suficientes para cubrir a demanda do servizo. Neste caso poderá suspenderse a concesión da bolsa comedor, debendo presentar o solicitante por rexistro un informe emitido pola entidade xestora que motive esta situación.
- c) Tamén poderá suspenderse a concesión da bolsa no caso de que se produza o peche dun comedor escolar pola realización de obras ou outras circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

Nos informes de seguimento mensual do programa, faranse constar as suspensións así como as circunstancias que motivaron dita suspensión para cada menor.

O disfrute e pago da bolsa comedor poderá reactivarse nos casos en que finalice a causa que motivou a suspensión.

15.4.- Excepcionalmente e con carácter temporal, permitirase a prestación do servizo de comedor na modalidade de "take away" nos seguintes casos para persoas beneficiarias de bolsa comedor:



- No caso de que iniciado o curso escolar 2023/2024, durante o transcurso do mesmo se minore o número de prazas dispoñibles nos comedores escolares como consecuencia da aplicación de medidas sanitarias.
- A realización de obras no comedor escolar ou outras circunstancias similares que impidan a prestación total ou parcial do servizo.
- Illamento do menor ou a familia por motivos sanitarios.
- Que polas circunstancias da persoa beneficiaria a comida deba de realizarse nun establecemento sanitario ou terapéutico que facilite a adquisición de destrezas e autonomía para a futura incorporación ao comedor escolar. Esta situación deberá xustificarse mediante informe do terapeuta que aconselle esta medida excepcional.

Nestes casos o servizo deberá de prestarse polo mesmo provedor do centro escolar no que o figure matriculada a persoa beneficiaria.

15.5.- A prestación nesta modalidade realizarase unicamente mentres se manteñan as circunstancias que motivaron a aplicación desta excepcionalidade.

16. PERÍODOS NO LECTIVOS DE NADAL E VERÁN.

16.1.- Cando os equipos técnicos de atención social detecten a existencia de persoas beneficiarias de bolsa comedor que teñan problemas para cubrir as súas necesidades alimenticias nos períodos non lectivos, poderá propoñerse, mediante informe técnico que acredite esta circunstancia, a extensión da concesión da axuda de bolsa comedor para o período non lectivo de Nadal 2023 e/ou verán de 2024.

16.2.- As modalidades en que se poderá garantir a alimentación dos menores nestes períodos son:

- Comedores de campamentos escolares organizados pola Federación de APAS de Centros Públicos ou polos propios centros educativos: neste caso sufragarase o importe fixado pola entidade organizadora para o comedor escolar do campamento ao organizador do campamento ou á empresa que preste o servizo de comedor.
- Prestación do servizo de take away prestado por calquera dos provedores habituais e a un prezo máximo de 10 euros por menú.

A elección da modalidade para o período non lectivo realizarase previa consulta coa unidade familiar da persoa solicitante, podendo combinarse ambas para os distintos períodos.

16.3.- Tendo en conta o carácter limitativo do orzamento, establécese un máximo de 250 menores a atender en cada período non lectivo, debendo realizarse unha resolución específica de alta para estes períodos na que figuren o nome completo do menor co seu documento de identificación, a modalidade de prestación elixida e o importe total da axuda a percibir.

16.4.- No caso de que o crédito do programa non chegase para cubrir a demanda para os períodos non lectivos, distribuirase o importe existente atendendo de maneira prioritaria en función da puntuación obtida na baremación da bolsa para o período lectivo.

17. COMPETENCIA PARA APROBACIÓN DE LA CONVOCATORIA E RÉXIME DE RECURSOS



17.1.- A aprobación desta convocatoria é unha atribución da Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente o acordo de aprobación da convocatoria no BOP.

17.2.- Autorízase e facúltase expresamente á Concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social e Participación coa aprobación desta convocatoria para:

- a) Interpretar e desenvolver o establecido nesta convocatoria de axudas de bolsa comedor, así como para a corrección dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes na mesma, de acordo co establecido no artigo 109.2 da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) Ampliar o crédito destinado a esta convocatoria conforme o previsto no apartado 3.2. desta convocatoria sempre que exista crédito adecuado e suficiente.
- c) Realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado pola convocatoria destas axudas e, entre outros, os acordos de suspensión, baixas no programa e reaxustes das concesións iniciais.

18. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

18.1.- De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

18.2.- Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello da Coruña, nos termos establecidos nos artigos 13 a 18 da citada Lei, a través da Sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/tramites>, engadindo na descrición da busca de procedementos o texto "Protección de datos de carácter persoal".

19.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA Ó PROVEEDOR DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

19.1.- O pagamento da subvención realizarase á entidade que presta o servizo de comedor escolar no centro no que a persoa beneficiaria estivera matriculado, por expresa delegación do pagamento por parte das persoas solicitantes. O pagamento delegado ao provedor do servizo en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual nin cambio algún na identidade da persoa beneficiaria e obrigada ao cumprimento da presente convocatoria.



19.2.- Os provedores do servizo deberán presentar mensualmente ao Concello as facturas electrónicas que procedan pola prestación de servizos de comedor na que figurará a listaxe de beneficiarios aos que se prestou o servizo, así como as incidencias detectadas na asistencia ao comedor, baixas do servizo e outros.

20.- OBRIGAS RELACIONADAS COA TRANSPARENCIA DA INFORMACIÓN PÚBLICA

20.1.- De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e o artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, publicaranse no Portal de Transparencia do Concello, as subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo e finalidade.

Os requirimentos de corrección, as propostas provisionais e definitivas e a resolución da convocatoria notificaranse ás persoas interesadas de conformidade co artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, de tal forma que, de conformidade co artigo 45.1.b) da mesma norma a notificación poderá ser substituída pola publicación en taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello cos mesmos efectos.

20.2.- De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, transmitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto para o Boletín Oficial da Provincia da Coruña.